

# MERCADO MEDIEVAL DE MONDOÑEDO 2015

## PROGRAMA

### VENRES, 7 DE AGOSTO

**23.00 horas.** Aquelarre de bruxas na Praza da Catedral. Xuntanza das Mesnadas Mindonienses e Soldados do Mundo Cristiano.

Rendemento de bandeiras ao Rei Afonso VII.

Xuizo por bruxería.

Homenaxe ás persoas célebres do Mercado Medieval.

Visita a San Roque e posterior pasarrúas acompañados pola Irmandade de Tambores e Cornetas do Bispo Ramiro II.

**00.30 horas.** Entrega de poderes do lume, auga e terra ao Mago Merlín e purificación das bruxas na Rúa Bispo Sarmiento.

### SÁBADO, 8 DE AGOSTO (DÍA DO TURISTA)

**11.30 horas.** Saída dende a Casa do Concello da comitiva formada polo Merino, Merina e Soldados das Mesnadas Mindonienses cara a Praza da Catedral acompañados pola Irmandade de Tambores e Cornetas do Bispo Ramiro II.

**12.00 horas.** Pregón e apertura do Mercado Medieval. Demostración e venda de produtos artesanais de, forxa, cantería, fiandeiras, palilleiras, zocas e coiro. Venda de produtos típicos da terra.

Personaxes caracterizados por toda a Cidade.

Degustación gratuita de liscos, pan, viño e cervexa ao longo de toda a mañá.

Venda de xarras conmemorativas do Mercado na Praza da Catedral.

Exposición de aves rapaces na Praza da Catedral.

**12.15 horas.** Inauguración da Rúa Afonso VII; visita e inspección dos postos do Mercado polas Mesnadas Mindonienses.

**12.30 horas.** Pasarrúas a cargo de Pistacatro, Souto Xímaro e Coplas de Cego.

**13.00 horas.** Actuación do Cabaleiro Medieval polos distintos espazos do Mercado.

**13.00 horas.** Actuación de Kote Malabar no Parque do Seminario.

**13.15 horas.** Pasarrúas Pistacatro e Souto Xímaro.

**13.30 horas.** Exhibición de Cetrería na Praza da Catedral.

**16.30 horas.** Xogos Populares na Praza da Catedral a cargo da Asociación de Xogos Tradicionais "O Cadaval".

**17.00 horas.** Actuación do Cabaleiro Medieval polos distintos espazos do Mercado.

**17.00 horas.** Exhibición de cetrería na Praza da Catedral.

**18.00 horas.** Audiencias Reais e nomeamento de Damas e Cabaleiros polo Rei Afonso VII no Campamento das Mesnadas na Praza da Catedral.

**18.30 horas.** Pasarrúas a cargo de Pistacatro, Souto Xímaro, Coplas de Cego e Mesnadas Mindonienses.

**19.00 horas.** Actuación de Kote Malabar no Parque do Seminario.

**20.00 horas.** Actuación do Cabaleiro Medieval polos distintos espazos do Mercado.

**20.00 horas.** Espectáculo dos Cabaleiros medievais de Alfoz.

**20.30 horas.** Pasarrúas pola Irmandade de Tambores e Cornetas do Bispo Ramiro II.

**21.00 horas.** Cea Medieval; (polo asado, xamón cocido, empanada, pan e viño. Prezo: 10€, inclúe cunca e táboa conmemorativa). Venda de tickets: Oficina de Turismo e Praza da Catedral.

**00.00 horas.** Actuación de Festicultores. Organizado pola Asociación XOLDRA de Mondoñedo. Praza do Concello.

### **DOMINGO, 9 DE AGOSTO**

**11.00 horas.** Apertura do Mercado Medieval. Demostración e venda de produtos artesanais de, forxa, cantería, fiandeiras, palilleiras, zocas e coiro. Venda de produtos típicos da terra.

Personaxes caracterizados por toda a Cidade.

Degustación gratuita de liscos, pan, viño e cervexa ao longo de toda a mañá.

Venda de xarras conmemorativas do Mercado na Praza da Catedral.

Exposición de aves rapaces na Praza da Catedral.

**12.00 horas.** Pasarrúas a cargo de Pistacatro, Souto Xímaro, Coplas de Cego e Mesnadas Mindonienses.

**12.15 horas.** Actuación do Cabaleiro Medieval por distintos espazos do Mercado.

**12.15 horas.** Pasarrúas a cargo de Kilomberos de Monte Alto.

**12.30 horas.** Actuación de Kote Malabar no Parque do Seminario.

**13.00 horas.** Voda Medieval polo rito Mozárabe na Fonte Vella e posterior desfile da comitiva pola rúas da Cidade acompañados pola Irmandade de Tambores e Cornetas do Bispo Ramiro II.

**13.30 horas.** Pasarrúas a cargo de Pistacatro e Souto Xímaro.

**13.30 horas.** Actuación do Cabaleiro Medieval polos distintos espazos do Mercado.

**14.00 horas.** Exhibición de cetrería na Praza da Catedral.

**17.00 horas.** Xogos Populares na Praza da Catedral, a cargo da Asociación de Xogos Tradicionais "O Cadaval".

**18.00 horas.** Pasarrúas Pistacatro e Souto Xímaro

**18.30 horas.** Actuación do Cabaleiro Medieval polos distintos espazos do Mercado.

**18.30 horas.** Actuación de Kote Malabar no Parque do Seminario.

**19.30 horas.** Exhibición de Cetrería na Praza da Catedral.

**20.00 horas.** Pasarrúas a cargo de Kilomberos de Monte Alto.

**22.00 horas.** Clausura da XXIV edición do Mercado Medieval de Mondoñedo.

**A organización agradece o consumo preferente nos locais comerciais colaboradores que estarán identificados no seu exterior, así como nos postos do Mercado.**